

**MEMORIA DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA CORRESPONDENTE AO ANO 2016 REALIZADA POLOS DEPARTAMENTOS, INSTITUTOS, CENTROS SINGULARES, ESTACIÓNS E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**

Benquerido/a Investigador/a,

Co fin de que os departamentos, grupos de investigación, Institutos e Centros Singulares de Investigación actualicen a súa **Producción Científica** correspondente ao ano 2016, na segunda quincena de xuño procederáse a abrir o período de rexistro da **Memoria da Producción Científica realizada**, dito período estará aberto ata o día 15 de setembro.

Agradecemos de antemán o esforzo que fan tanto os grupos e investigadores da USC así como os administrativos de apoio, ao tempo que queremos enfatizar a importancia e valor estratéxico de esta información para a defensa e promoción de iniciativas e estratexias de apoio á investigación e, adicionalmente, na defensa dos criterios que deben marcar os indicadores do novo Plano de Financiamento.

Quero chamar a túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst./estación ou centro singular polo que se presenta a produción, se supervise a correcta presentación da documentación. É necesario axustarse o mais posible ás instrucións que se achegarán xa que como sabes, a avaliación das actividades faise de xeito totalmente automático mediante unha aplicación informática. Os departamentos, institutos, estacións e centros singulares constitúen as unidades científicas básicas da nosa Universidade nas áreas da súa competencia e, como tal, deben asegurar que as contribucións presentadas sexan actividades valorabeis e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo

Santiago de Compostela, 5 de xunio de 2017



Isabel Rodríguez-Moldes Rey  
Vicerreitora de Investigación e Innovación